

## CONVOCATORIA DA BOLSA SANTANDER EXCELENCIA 360º CURSO 2025/26

### RESOLUCION DEFINITIVA DE ADXUDICACIÓN DA BOLSA, LISTAXE DE AGARDA E SOLICITUDES DENEGADAS

De acordo co establecido no artigo 10 da convocatoria dunha bolsa Santander Excelencia 360º 2026 para o curso 2025/26, a Comisión de Selección reunida o día 10/06/2026 para valorar as alegacións presentadas á Resolución Provisional de solicitudes admitidas e excluídas a trámite publicada no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da sede electrónica da UDC o 27/05/2026, acordou:

1º.- Estimar parcialmente as seguintes alegacións:

- Torre Rico, Natalia
- Ponte Seoane, Pablo
- Fernández Piñeiro, Nuria
- Martín-Esperanza Fernández, Claudia

2º.- Publicar a listaxe definitiva, que figura no Anexo I, coa persoa beneficiaria da bolsa, a listaxe de agarda e a relación de solicitudes denegadas, coa mención da causa da denegación.

Para a aceptación da bolsa de Excelencia 360º 2026, **no prazo de cinco días hábiles** que contarán dende o día seguinte ao da publicación desta resolución na Sede Electrónica da UDC, a persoa beneficiaria deberá:

1. Manifestar a aceptación da percepción do importe concedido. Para iso deberá cubrir e asinar o Anexo II que figura nesa resolución e remitila ao correo electrónico [bolsas@udc.gal](mailto:bolsas@udc.gal),
2. Aceptar a bolsa de Excelencia 360º 2026 na plataforma do Banco Santander a través da seguinte ligazón: <https://app.santanderopenacademy.com/es/program/excelencia-360o-2026>.
3. Tramitar a alta de datos bancarios (alta de terceiros) na Sede Electrónica da UDC, no que se indicará unha conta bancaria ao seu nome, para que a Universidade lle realice a transferencia. Este procedemento realizarase a través da seguinte ligazón: [https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO\\_003/xestion\\_terceiros/new](https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/xestion_terceiros/new)

Terá que subir un documento xustificativo do número de conta para o alta e outro arquivo coa copia do documento de identificación, sendo soamente válidos DNI ou NIE. No caso de xa ter unha conta dada de alta na base de datos de terceiros, non será necesario realizar de novo este trámite.

No caso de non presentar a aceptación dentro do prazo indicado, entenderase que a persoa proposta renuncia de forma voluntaria á concesión da bolsa de Excelencia 360º 2026. No caso de renuncia, proporase para a bolsa a outra persoa beneficiaria segundo a listaxe de agarda.

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte á publicación desta resolución definitiva no TEO da sede electrónica da UDC, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Con carácter potestativo, poderase interpor previamente recurso de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á publicación desta resolución definitiva no TEO da sede electrónica da UDC, de acordo co establecido no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presidenta da Comisión de Selección, no lugar e data da sinatura dixital

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade  
María José Lombardía Cortiña

## ANEXO I

## Adxudicación Bolsa Santander Excelencia 360º 2026

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Ponte Seoane, Pablo	12,1129

## Listaxe de agarda Bolsa Santander Excelencia 360º 2026

Apelidos e nome	PUNTUACIÓN TOTAL
Torre Rico, Natalia	11,7514
Fernández Piñeiro, Nuria	11,4600
De Farias Dos Santos, Amanda	11,2735
Lois Magariños, Cristina	11,0731
Lago Pato, Irene	11,0429
Cabo Cascallar, Ana María	10,8235
Budiño Regueira , Andrea Michelle	10,7777
Maroño Hermida, Antón	10,7543
Iglesias Bello, Clara	10,6756
Martín-Esperanza Fernández, Claudia	10,1936
Gayoso cruz, Alicia	9,8561
Serrano Feal, Nicolás	9,3586
Martínez Longarela, Manuel	9,2545
Pérez MoretaMaría	8,5182

## Listaxe de solicitudes excluídas Bolsa Excelencia 360º 2025

Apelidos e Nome	Causa exclusión*
Díaz Maseda, Ainara	4
Tejada Limas, Patricia Almendra	2
Vázquez Fernández, Claudia	2

## \*Causas de exclusión

- 1.- Non estar rexistrado/a na plataforma de bolsas do Banco Santander na convocatoria específica para esta bolsa (artigo 5.1.da convocatoria).
- 2.- Non ter unha nota media igual ou superior a 8,5 puntos sobre 10 (artigo 3.1.b da convocatoria)
- 3.- Non ter superado un mínimo de 180 créditos (artigo 3.1.b da convocatoria)
- 4.- Non estar matriculado nun grao no curso 2025/26 na Universidade da Coruña, a tempo completo, de todos os créditos que restan para finalizar a titulación (artigo 3.1.a da convocatoria).

## ANEXO II

<b>BOLSA SANTANDER EXCELENCIA 360º 2026</b>	<b>ACEPTACIÓN DA BOLSA POLO ESTUDANTADO</b>
---	---

<b>DATOS DO ESTUDANTADO</b>		
<b>NOME</b>	<b>PRIMEIRO APELIDO</b>	<b>SEGUNDO APELIDO</b>
<b>DNI/NIE</b>		
<b>TELÉFONO</b>	<b>ENDEREZO ELECTRÓNICO</b>	

## EXPOÑO

1. Que con data do 16/02/2026, publicouse no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña a Resolución reitoral pola que se convoca a Bolsa Santander Excelencia 360º 2026
2. Que, en virtude do anterior, resulto proposto para a Bolsa Santander Excelencia 360º 2026, para o curso 2025/26
3. Que acepto a proposta para todos os efectos previstos na convocatoria desta bolsa
4. Que autorizo a que se me ingrese o seu importe na conta bancaria indicada no trámite de alta de datos bancarios a través da sede electrónica.
5. DECLARO, baixo a miña responsabilidade, que son certos todos os datos contidos nesta declaración.

A Coruña, de xuño de 2026

Asdo.